

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

SUMARIO:

ORDE do 8 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases que rexen as axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2024 (código de procedemento BS306B).

TEXTO:

O Estatuto de autonomía de Galicia establece, no artigo 27, que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva, entre outras, nas materias de promoción do deporte e a axeitada utilización do lecer e de promoción do desenvolvemento comunitario.

A través do Decreto 285/1989, do 16 de decembro, asúmense as funcións e os servizos transferidos pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción sociocultural no ámbito da mocidade e de desenvolvemento comunitario.

Segundo o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, correspóndenlle á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, entre outras funcións, a xestión das actuacións en materia de mocidade, así como as políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil e o fomento da participación da mocidade na vida social.

A Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, establece, no seu artigo 9, que a Xunta de Galicia fomentará o espírito emprendedor e que potenciará entre a mocidade un sistema de actitudes e preocupacións do cal formen parte a iniciativa propia, a responsabilidade, a planificación de obxectivos vitais, a perseveranza, o compromiso e a flexibilidade.

Así mesmo, establece no seu artigo 12 que, co obxecto de fomentar a participación directa da mocidade nos programas de actuación que desenvolvan as administracións públicas galegas, se establecerán medidas específicas para favorecer a participación de grupos

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

informais de persoas mozas.

A Consellería de Política Social e Xuventude considera que, para asumir responsabilidades, é necesario que a xente nova asuma directamente o protagonismo e a execución das súas iniciativas e administre os recursos necesarios para a súa posta en marcha e consolidación. Para isto é fundamental apoiar aquelas iniciativas que, cunha fórmula participativa, estean estreitamente ligadas ás súas necesidades, aspiracións e intereses.

Así mesmo, considera prioritario abrir as axudas a grupos informais de mozos e mozas para favorecer que se poidan levar a cabo proxectos interesantes que, nun momento dado, poidan xurdir á marxe das asociacións e entidades legalmente constituídas, pero que igualmente reúnen determinados requisitos que os fan merecedores do apoio da Administración. Deste xeito, estaranse a impulsar iniciativas voluntarias da mocidade que verdadeiramente respondan aos seus intereses e inquedanzas.

En definitiva, trátase de fomentar a participación da mocidade en iniciativas entendidas como importantes experiencias de aprendizaxe non formal, co propósito de estimular o seu espírito de protagonismo e liderado, a creatividade e o talento xuvenís e a posta en práctica das súas ideas relacionadas co emprendemento e coa empregabilidade.

Así, é obxecto desta orde establecer as bases que rexerán a convocatoria de axudas dirixidas a grupos informais de mozos e mozas e ás asociacións xuvenís, entidades prestadoras de servizos á mocidade e as súas respectivas federacións. Tratarase, en todos os casos, de apoiar proxectos en que a mocidade participe de forma activa e directa en actividades concibidas por ela mesma e das cales ela sexa a súa principal protagonista.

O número 3 do artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que as administracións poderán establecer regulamentariamente a obriga de relacionarse con elas a través de medios electrónicos para determinados procedementos e para certos colectivos de persoas físicas respecto das cales, por razón da súa capacidade económica, técnica, dedicación profesional ou outros motivos, quede acreditado que teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios. Os

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

grupos informais de mozos e mozas están formados por persoas con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos que van planificar, deseñar e xestionar un proxecto de actividades e un orzamento. En vista dos datos do Informe de competencias dixitais da poboación galega. Ano 2021, do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (Osimga), pódese concluír que a totalidade da poboación moza galega destinataria destas axudas ten a capacidade requirida para ser suxeito obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración convocante.

Esta convocatoria axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en concreto, no relativo aos principios de obxectividade, concorrência e publicidade na concesión das axudas e subvencións; ao establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; ás disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e á súa normativa de desenvolvemento; á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e á Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Na súa virtude, e facendo uso das facultades que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove, que están destinadas á posta en marcha de iniciativas xuvenís durante o ano 2024, e proceder á súa convocatoria (código de procedemento BS306B).

2. Para os efectos desta convocatoria, entenderanse por iniciativas xuvenís os proxectos liderados polas persoas novas da Comunidade Autónoma de Galicia en que estas sexan as verdadeiras protagonistas, a través da participación activa na planificación e na realización

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

das actividades deseñadas por elas mesmas.

3. A finalidade destas subvencións é fomentar e consolidar a participación libre e eficaz das persoas novas no desenvolvemento político, social, económico e cultural, así como promover a adecuada utilización do lecer, a calidade de vida e o seu benestar a través de proxectos integrais e específicos de actuación, prioritariamente nas áreas establecidas no artigo 2.

Artigo 2. Áreas de atención prioritaria

Para os efectos desta orde, considéranse áreas de atención prioritaria as seguintes:

a) Iniciativa Xove emprendedora, formada por proxectos que lle permitan á mocidade poñer en marcha as súas ideas no ámbito do emprendemento e da empregabilidade.

b) Promoción de hábitos saudables e prevención de condutas de risco ou violentas entre a poboación xuvenil, así como sensibilización e loita contra calquera forma de discriminación, en especial contra a violencia de xénero.

c) Posta en valor e promoción do Camiño de Santiago e do fenómeno xacobeo.

d) Fomento de actitudes creativas e innovadoras da mocidade na súa comunidade e na súa contorna.

e) Fomento da inclusión social e laboral e da accesibilidade das persoas mozas pertencentes a colectivos con dificultades de integración ou especialmente vulnerables.

f) Promoción de sectores emerxentes vinculados ao sector das tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC).

g) Fomento da participación e do empoderamento das mulleres novas galegas.

h) Promoción de actitudes e hábitos sustentables e de concienciación sobre o cambio climático, así como de posta en valor do patrimonio cultural e natural.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

i) Desenvolvemento e dinamización do medio rural.

j) Dinamización da lingua galega entre a mocidade.

Artigo 3. Orzamento

1. Para o financiamento destas axudas destinarase un crédito de 400,000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 11.06.313A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

2. Poderase ampliar a contía máxima do crédito dispoñible para esta convocatoria. O incremento queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dalgunha das circunstancias sinaladas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e, de ser o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

A ampliación do crédito publicárase no *Diario Oficial de Galicia*, sen que tal publicidade implique a apertura do prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo do prazo para resolver.

O órgano competente para resolver acordará, ata o límite do crédito dispoñible e sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención á solicitude ou solicitudes seguintes na orde de puntuación que formen parte da lista de reserva recollida no número 2 do artigo 18, seguindo os criterios de adxudicación recollidos no número 3 do mesmo artigo.

Artigo 4. Persoas solicitantes

Poderán solicitar a axuda, ao abeiro destas bases reguladoras:

a) As asociacións xuvenís, as entidades prestadoras de servizos á mocidade e as súas respectivas federacións, sempre que, no caso destas últimas, o proxecto que presenten sexa diferente do que presenten as asociacións xuvenís ou entidades prestadoras que formen parte da federación.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

b) Os grupos informais de persoas mozas que desexen realizar unha iniciativa xuvenil e que reúnan os requisitos establecidos no artigo 5.

Artigo 5. Requisitos

1. As asociacións xuvenís, as entidades prestadoras de servizos á mocidade e as súas respectivas federacións deberán estar inscritas, no momento de presentación da solicitude, no censo oficial dependente organicamente da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, regulado na Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, e no Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, e cumprir a legalidade vixente no referente ás idades das persoas membros das asociacións xuvenís, de conformidade co Real decreto 397/1988, do 22 de abril, polo que se regula a inscrición rexistral de asociacións xuvenís.

2. Os grupos informais deberán estar formados por un mínimo de 5 e un máximo de 8 persoas mozas con idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos, debidamente identificadas. Unha destas persoas asumirá o papel de representante do grupo e con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como persoa beneficiaria, lle corresponden ao grupo e, en consecuencia, a todas as persoas que o forman.

Será obrigatorio que o grupo teña unha denominación que o identifique. As persoas que o compoñan deberán estar empadroadas nalgún dos municipios pertencentes á Comunidade Autónoma de Galicia no momento de presentaren a solicitude e non poderá modificarse esta composición unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes.

3. Non se admitirá que unha mesma persoa forme parte ou pertenza a outro grupo ou asociación, de ámbito autonómico ou provincial, solicitante destas axudas.

4. Será requisito imprescindible para poder solicitar a axuda, no caso de ter participado na convocatoria anterior, ter xustificadas debidamente as axudas recibidas na devandita convocatoria, excepto no suposto de ter renunciado expresamente a elas.

5. É requisito para ser persoa beneficiaria destas axudas non estar incurso en ningunha

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

das prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Só se poderá presentar un proxecto por solicitante.

Artigo 6. Proxectos subvencionables

1. O orzamento total do proxecto que presenten as persoas solicitantes mencionadas no artigo 4 non poderá ser superior a 5.000 €.

2. O proxecto deberá levarse a cabo no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. No caso daqueles proxectos que indiquen que precisan formación para o seu desenvolvemento, acreditarase suficientemente que as persoas docentes están cualificadas para impartir a dita formación, para o que xuntarán o seu currículo, ademais da correspondente documentación acreditativa. Así mesmo, especificaranse os contidos e xuntarase o programa de formación que se vai impartir.

A variación nas persoas que vaian impartir a formación, de ser o caso, comunicarase con anterioridade ao seu inicio á Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, para o que se debe enviar a nova documentación acreditativa. As novas persoas que vaian impartir a formación deberán ter o nivel de capacitación axustado á citada finalidade.

4. Calquera das actividades desenvolvidas será de carácter gratuíto para as persoas destinatarias do proxecto e non poderán xerarse ingresos por pagamento de cotas, entradas ou outros de similar natureza.

5. As actividades que constitúen o obxecto do proxecto deberán ser realizadas de forma directa pola entidade ou grupo beneficiario e non poderán ser subcontratadas.

Entenderase que hai subcontratación, en todo caso, cando as actividades do proxecto

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

sexan executadas por terceiros, circunstancia que concorre cando a entidade ou grupo se limita a obter a axuda e a actuar como intermediaria con outras persoas físicas ou xurídicas que realmente executan o proxecto, e cando se contraten actividades de planificación, coordinación, avaliación e xestión do proxecto.

Entenderase que non hai subcontratación cando se contraten tarefas concretas non incluídas no parágrafo anterior e que non poidan ser levadas a cabo directamente pola entidade ou grupo beneficiario da subvención. En todo caso, estas tarefas concretas deben estar identificadas no proxecto, con clara indicación dos motivos específicos polos que a entidade ou grupo non pode realizalas e o importe estimado destas tarefas debe figurar no orzamento.

6. Non serán subvencionables as actividades que consistan na celebración de concertos ou festas, excepto cando estas formen parte dos proxectos e iniciativas xuvenís subvencionables cunha entidade menor no seu conxunto. Neste caso, xustificarase a súa necesidade e oportunidade dentro do desenvolvemento do dito proxecto e iniciativa xuvenil que se vaia subvencionar.

7. Serán excluídos aqueles proxectos que non se axusten ao obxecto e á finalidade destas axudas recollidos no artigo 1.

8. Quedan excluídos, para os efectos da axuda, os proxectos docentes e deportivos previstos nos plans regulados de ensino e deporte escolar e federativo.

Artigo 7. Gastos subvencionables

1. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza do proxecto presentado, resulten estritamente necesarios para levalo a cabo e financien actividades realizadas desde o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2024.

2. Os gastos ordinarios de funcionamento das entidades solicitantes só serán subvencionables cando estean asociados co proxecto e recollidos no orzamento de gastos que se reflicte no anexo III. En todo caso, non poderán superar nunca o cinco por cento do

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

orçamento total do proxecto, ou da contía xustificada, de ser esta inferior a aquel.

3. O importe total de gastos de manutención, como as comidas, os servizos de restauración ou a compra de produtos alimenticios, non poderá superar o dez por cento do orçamento total do proxecto, ou da contía xustificada, de ser esta inferior a aquel. Ademais, deberán estar vinculados de xeito inequívoco coa actividade que se vaia subvencionar e realizados durante a súa execución material.

En ningún caso se admitirán gastos de comidas, consumicións ou aloxamento de persoas membros da entidade ou do grupo beneficiario para reunións previas ou posteriores de preparación ou avaliación, nin os ditos gastos efectuados por estas persoas durante a execución material da actividade subvencionada pero que non formen parte dela.

4. O importe total de gastos en alugamento de espazos e equipamento non poderá superar, en conxunto, o corenta por cento do orçamento total do proxecto, ou da contía xustificada, de ser esta inferior a aquel.

5. No caso dos premios que se outorguen nos concursos ou competicións previstos no proxecto e dos obsequios para persoas que colaborasen no desenvolvemento dalgunha actividade, estes deberán incluírse no seu orçamento. O límite para os gastos por este concepto será do dez por cento do orçamento total do proxecto, ou da contía xustificada, de ser esta inferior a aquel. Non poderán recibir ningún premio ou obsequio as persoas membros da entidade ou do grupo informal beneficiarios da subvención.

6. Para os gastos de desprazamento das persoas membros da entidade ou do grupo informal o límite será do dez por cento do orçamento do total do proxecto, ou da contía xustificada, de ser esta inferior a aquel. Estes gastos comprenderán, así mesmo, o desprazamento das persoas que colaboran na realización do proxecto sen seren membros da entidade ou grupo informal e o do persoal contratado laboralmente pola persoa ou entidade beneficiaria.

O límite non se aplicará aos gastos de desprazamento das persoas destinatarias do proxecto durante a execución das actividades.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

7. Será subvencionable a adquisición de equipamento e material non inventariable. Considéranse non inventariables:

- a) Os ben funxibles
- b) Os bens cuxa vida útil non sexa superior a un ano.
- c) Os bens non comprendidos nas letras anteriores cuxo custo de adquisición sexa inferior a 150 euros. A adquisición destes bens, no conxunto do proxecto, non poderá supoñer un custo superior aos 600 euros.

8. Poderán ser subvencionados os gastos de persoal laboral correspondentes ás horas dedicadas directamente ás actividades do proxecto.

9. Non poderán ser subvencionados os gastos correspondentes a honorarios ou remuneracións de calquera clase á entidade ou ao grupo informal beneficiario, ou a calquera dos seus membros. Así mesmo, non poderán ser subvencionados os gastos que sexan facturados por provedores cos cales teña vinculación directa a entidade ou o grupo informal beneficiario, ou calquera dos seus membros.

Artigo 8. Incompatibilidade das axudas

1. Estas axudas son incompatibles co aproveitamento de calquera outro tipo de axudas de institucións públicas ou privadas destinadas á mesma actuación.

2. Cando a entidade ou grupo informal solicitante teña concedida ou solicitada outra subvención incompatible con estas axudas, fará constar esta circunstancia no anexo I, para as entidades e a persoa representante do grupo informal, e no anexo II, para as restantes persoas membros do grupo informal. No caso de que lle sexan concedidas as axudas previstas nesta orde, a resolución de concesión condicionará os seus efectos a que persoa beneficiaria presente a renuncia ás axudas previamente obtidas, así como, se é o caso, reintegre os fondos públicos que percibise.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

3. Procederá a perda do dereito ao cobramento ou o reintegro da subvención cando o órgano concedente teña coñecemento de que a persoa beneficiaria percibiu outra ou outras subvencións incompatibles coa outorgada sen ter efectuado a correspondente renuncia.

4. A declaración de axudas deberá efectuarse, así mesmo, na fase de xustificación, empregando neste caso o anexo VIII.

Artigo 9. Solicitude e prazo de presentación

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <http://sede.xunta.gal>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último día do mes.

Artigo 10. Documentación complementaria

1. Todas as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude o proxecto de iniciativas

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

xuvenís, redactado seguindo estritamente o modelo publicado como anexo III.

2. As asociacións xuvenís, entidades prestadoras de servizos á mocidade e as súas respectivas federacións deberán achegar coa solicitude unha certificación do secretario ou secretaria da entidade que inclúa a composición completa do órgano de dirección desta no momento de presentación da solicitude. Esta certificación deberá incluír, para cada membro, nome completo, NIF e cargo ou función que desempeña dentro do citado órgano de dirección.

3. Os grupos informais deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Anexo II - declaración/comprobación de datos. Un anexo por cada persoa membro excepto a persoa representante, debidamente cuberto.

b) Anexo IV - poder de representación a favor dunha persoa membro do grupo informal, asinado por todas as persoas que o compoñen.

4. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberánse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

6. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 11. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI ou NIE da persoa representante da entidade e das persoas membros do grupo informal.

b) NIF da entidade solicitante, de ser o caso.

c) NIF da entidade representante, de ser o caso.

d) Certificado de que a entidade e as persoas membros do grupo informal están ao día no pagamento coa Seguridade Social.

e) Certificado de que a entidade e as persoas membros do grupo informal están ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

f) Certificado de que a entidade e as persoas membros do grupo informal están ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.

g) Certificado de residencia con data de última variación no padrón das persoas membros do grupo informal, de ser o caso.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 12. Publicación dos actos e resolucións

Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os actos administrativos e as correspondentes resolucións deste procedemento. Esta publicación producirá os efectos de notificación.

Serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Consellería de Política Social e Xuventude (<http://politicasocial.xunta.gal>).

Artigo 13. Emenda de defectos

1. Se na solicitude se apreciasen defectos ou falta de documentación, o órgano instrutor requirirá a entidade ou grupo informal solicitante para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Se non o fixese, considerárase que desiste da súa petición, de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, logo da resolución que será ditada nos termos do artigo 21 da referida lei.

2. Debido a que se establece un réxime de concorrencia competitiva para a concesión destas axudas, e atendendo ao principio de igualdade, a non presentación do proxecto de iniciativas xuvenís xunto coa solicitude, no prazo establecido no número 2 do artigo 9, constituirá un defecto non emendable e comportará a inadmisión a trámite da solicitude.

Artigo 14. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 15. Contía da axuda

A contía da axuda concedida será igual á contía do orzamento do proxecto. En consecuencia, financiarase a través do programa Iniciativa Xove o cento por cento do proxecto. O orzamento non poderá superar os 5.000 euros, tal e como dispón o artigo 6.1.

Artigo 16. Instrución e comisión de avaliación

1. A instrución do procedemento corresponderalle ao Instituto da Xuventude de Galicia da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, que realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales debe realizar a proposta de resolución.

2. Constituirase como órgano colexiado unha comisión de avaliación, a quen corresponderá a valoración dos proxectos. A comisión estará integrada por:

a) Presidencia. O cargo será exercido pola persoa titular do Servizo de Participación Xuvenil e Escola Galega de Xuventude.

b) Vogais: as catro persoas titulares do Servizo de Xuventude e Voluntariado das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social e Xuventude.

3. No caso de ausencia de calquera das persoas que formen parte da comisión de avaliación, a súa suplencia será asumida pola persoa funcionaria nomeada pola persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

4. A secretaría do órgano será asumida por unha persoa funcionaria da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, nomeada por resolución da persoa titular desta dirección xeral, así como a persoa que a supla, que asistirá ás sesións do órgano con voz e sen voto.

5. Como órgano colexiado, a comisión de avaliación sométese ao disposto na sección 3ª do

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na sección 3ª do capítulo I do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

6. O órgano instrutor, por petición da comisión de avaliación, poderá solicitar das persoas interesadas calquera aclaración relativa ao contido do proxecto presentado e que se considere necesaria ou conveniente para a súa correcta valoración.

7. Unha vez avaliadas todas as solicitudes admitidas a trámite, a comisión de avaliación emitirá un informe no que se concretará o resultado da previa avaliación e a prelación das solicitudes por orde decrecente de puntuación.

8. No caso de empate na puntuación entre un ou varios grupos informais ou entidades solicitantes das axudas e co fin de determinar a orde de prelación entre proxectos que obtiveron a mesma puntuación, fíxase como sistema de desempate a maior puntuación en cada un dos criterios do artigo 17, seguindo a orde establecida nel. Se todos os criterios obteñen a mesma puntuación, atenderase á data e hora de presentación de solicitudes.

Artigo 17. Criterios de avaliación

De conformidade co disposto no artigo 1, a concesión da axuda tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. Para acceder á axuda requírase unha puntuación mínima de 50 puntos na avaliación dos proxectos.

A comisión de avaliación aplicará os seguintes criterios e baremos para a valoración das solicitudes, cun máximo de 100 puntos:

- a) Calidade do contido do proxecto e das actividades: ata 20 puntos.
- b) Calidade do deseño do proxecto e metodoloxía: ata 20 puntos.
- c) Adecuación ás áreas de atención prioritaria sinaladas no artigo 2: ata 15 puntos.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

- d) Grao de implicación activa das persoas promotoras do proxecto: ata 15 puntos.
- e) Creatividade, innovación e orixinalidade do proxecto: ata 10 puntos.
- f) Persoas destinatarias do proxecto, onde se valorará positivamente que as actividades estean dirixidas a persoas con idades comprendidas entre os 16 e os 35 anos: ata 5 puntos.
- g) Impacto do proxecto na poboación destinataria: ata 5 puntos.
- h) Grao de difusión e visibilidade das actividades do proxecto: ata 5 puntos.
- i) Emprego da lingua galega no desenvolvemento das actividades do proxecto, nos materiais escritos e audiovisuais que se elaboren e nas canles de difusión utilizadas para dalo a coñecer: ata 5 puntos.

Artigo 18. *Proposta de resolución*

1. O órgano instructor, á vista do expediente e do informe da comisión de avaliación, elevará a proposta de resolución das axudas ao órgano competente para resolver o procedemento. Esta proposta concretará:

- a) As persoas solicitantes para as cales se propón a concesión da axuda. Esta concesión efectuarase consonte a orde de prelación establecida no informe da comisión de avaliación e ata esgotar o crédito orzamentario.
- b) As persoas solicitantes para as cales se propón a denegación da axuda por non acadaren a puntuación mínima establecida no artigo 17.
- c) As persoas solicitantes para as cales se propón a súa denegación por non ser o proxecto subvencionable.

2. As persoas solicitantes que, tendo alcanzado a puntuación mínima establecida no artigo 17, non fosen propostas como adxudicatarias inicialmente por esgotarse o crédito orzamentario, pasarán a conformar unha lista de reserva que formará igualmente parte da

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

proposta de resolución, coa finalidade prevista no número seguinte.

3. No caso de se produciren renuncias a estas axudas por parte das persoas beneficiarias, o órgano instrutor poderá realizar, se o considera oportuno, novas propostas de resolución de concesión da axuda ás persoas solicitantes incluídas na lista de reserva prevista no número anterior, con atención rigorosa á orde establecida nela.

Artigo 19. *Resolución*

1. O órgano competente para resolver, por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude, será a persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

2. A resolución da solicitude de axuda, que terá lugar no prazo de 15 días dende a elevación da proposta de resolución, publicarase de acordo co establecido no artigo 12 e no prazo máximo de cinco meses dende a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Unha vez transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición correspondente.

A dita resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditase no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, se o acto for expreso. Se o acto non for expreso, poderase interpor o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Esta resolución tamén poderá ser impugnada directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza, o órgano contencioso- administrativo competente, no prazo de dous meses se o acto é expreso e de seis meses se é presunto, a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

3. A entidade ou grupo informal beneficiario disporá dun prazo de dez días hábiles, desde a publicación da resolución de concesión, para realizar algún dos seguintes trámites mediante a presentación do anexo V, de solicitude de anticipo/renuncia:

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

a) Renunciar á subvención concedida se por calquera circunstancia non puidese realizar o proxecto subvencionado, tendo en conta o establecido no artigo 5.4.

b) Solicitar o anticipo previsto no artigo 26.2. Para iso deberá presentar, ademais:

1º O anexo X, de declaración responsable de titularidade da conta bancaria, debidamente cuberto. No caso dos grupos informais, todas as persoas que o compoñen deberán ser titulares da conta bancaria e asinar este anexo.

2º Os certificados de que a entidade e as persoas membros do grupo informal están ao día no pagamento coa Seguridade Social e no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma, só no caso de que se opuxesen expresamente á súa consulta automática no trámite de solicitude.

3º O certificado de que a entidade e as persoas membros do grupo informal están ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, só no caso de que non desen o consentimento expreso para realizar a consulta no trámite de solicitude.

Transcorrido o prazo de dez días, non se admitirán máis solicitudes de anticipo.

Artigo 20. Documentación xustificativa

1. Unha vez publicada a resolución de concesión da axuda, a entidade ou grupo informal beneficiario procederá, ata o 30 de outubro de 2024, á xustificación da totalidade do proxecto mediante a presentación da seguinte documentación e na forma en que se indica:

a) Unha memoria das actividades realizadas no proxecto de iniciativas xuvenís, seguindo o modelo publicado como anexo VI. Deberase xuntar á memoria un vídeo de duración non superior a dous minutos, ilustrativo das actividades levadas a cabo en execución do proxecto subvencionado e unha reportaxe fotográfica que reflicta o desenvolvemento destas actividades, así como un exemplar de cada un dos materiais de difusión e publicacións financiados a través desta axuda. Ademais, indicarse a URL das páxinas web e/ou redes

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social, indicando o medio e a data de aparición.

b) Facturas e demais documentos xustificativos do gasto, de acordo co establecido nos artigos 21, 22, 23 e 24.

c) Documentos xustificativos do pagamento, de acordo co establecido no artigo 25.

d) O anexo VII. Relación de todas as facturas ordenadas numericamente. No caso dos grupos informais, o anexo VII deberá ser asinado pola persoa representante deste e, no caso das asociacións, pola persoa que exerza a representación da entidade.

e) O anexo VIII - declaración complementaria de non ter solicitado nin terlle sido concedida ningunha outra axuda ou subvención para o mesmo proxecto. En caso contrario, a entidade ou grupo informal beneficiario deberá renunciar á axuda outorgada ao abeiro desta orde, co reintegro das cantidades que percíbise en concepto de anticipo, ou acreditar, ante o órgano instructor, a renuncia ás outras axudas para o mesmo proxecto e o reintegro dos fondos públicos que percíbise, de ser o caso.

f) Unha memoria económica, redactada segundo o modelo publicado como anexo IX, en que se reflicta a vinculación detallada de cada gasto executado co proxecto subvencionado. Deberá quedar acreditado que cada gasto que se xustifique é totalmente necesario para a realización do proxecto e deberá quedar vinculado a unha actividade ou actuación concreta dentro deste; non será válida de ningún xeito a simple descrición do concepto facturado, polo que, de non xustificarse a dita vinculación e necesidade, o gasto non será considerado como subvencionable.

Ademais, a distribución dos gastos entre os diversos conceptos deberá corresponderse substancialmente coa desagregación orzamentaria contida no proxecto de iniciativa xuvenil presentado coa solicitude.

Esta memoria económica deberá estar asinada, en todas as súas follas, por todas as

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

persoas membros do grupo informal e, no caso das entidades, pola persoa que exerza a representación da entidade.

g) O anexo X, de declaración responsable de titularidade da conta bancaria, debidamente cuberto, só no suposto de non telo presentado xa coa petición de anticipo. No caso dos grupos informais, todas as persoas que o compoñen deberán ser titulares da conta e asinar este anexo.

h) Os certificados de que a entidade e as persoas membros do grupo informal están ao día no pagamento coa Seguridade Social e no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma, só no caso de que se opuxesen expresamente á súa consulta automática no trámite de solicitude.

i) O certificado de que a entidade e as persoas membros do grupo informal están ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, só no caso de que non desen o consentimento expreso para realizar a consulta no trámite de solicitude.

2. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen se ter presentado, o órgano instructor requirirá a entidade ou grupo informal beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente para os efectos previstos neste artigo. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e as demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá a entidade beneficiaria das sancións que conforme a lei correspondan.

Artigo 21. Xustificación específica dos gastos de desprazamento

1. Os gastos de desprazamento das persoas membros da entidade ou do grupo informal poderanse xustificar a través de facturas de transporte, peaxes, estacionamento e combustible. Na memoria económica incluíranse a data das viaxes, o percorrido e os quilómetros realizados.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

2. Se o desprazamento é realizado por persoas que colaboran na realización do proxecto sen seren membros da entidade ou grupo informal ou por persoas contratadas laboralmente pola persoa ou entidade beneficiaria, admitirase como documento de gasto unha axuda de custo na cal quede perfectamente identificado quen realiza o pagamento e quen o recibe, asinado por ambas as partes. No dito documento deberán incluírse a data de pagamento, a data das viaxes e percorrido realizado e, de ser o caso, a matrícula do vehículo, os quilómetros totais, peaxes e gastos de estacionamento, e deberán achegarse as facturas de transporte, peaxes e estacionamento que se relacionen na axuda de custo. No caso de utilización de vehículo particular, a cantidade que se pagará por cada quilómetro será de 0,19 euros e non se reembolsarán os gastos de combustible.

Artigo 22. Xustificación específica do gasto en premios e obsequios

No caso dos gastos en premios e obsequios, estes xustificaranse mediante factura emitida a nome da asociación ou da persoa representante do grupo informal pola adquisición do produto que constituía o premio ou obsequio. Ademais, deberase xuntar un documento que acredite a súa recepción por parte da persoa destinataria e, no caso dos premios, a acta ou documento equivalente que acredite a súa concesión.

Artigo 23. Xustificación específica do gasto de persoal laboral

A documentación xustificativa do gasto de persoal laboral consistirá na presentación:

a) Do contrato de traballo, nóminas, documentos de cotización á Seguridade Social e documento de ingreso das retencións á conta do Imposto sobre a renda das persoas físicas (modelo 111).

b) Dos partes de traballo, asinados pola empresa e pola persoa traballadora, en que consten as horas dedicadas ao proxecto ou actividade subvencionada, con descrición das tarefas realizadas.

Artigo 24. Facturas xustificativas do gasto

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

1. No caso dos grupos informais, as facturas deberán emitirse a nome da persoa representante do grupo informal.

2. En casos excepcionais en que se xustifique a imposibilidade de obter a correspondente factura ordinaria, poderase admitir a xustificación de gastos mediante a achega de facturas simplificadas.

En todo caso, o importe total no proxecto destas facturas simplificadas incluídas na xustificación do proxecto non poderá ser superior a 400 euros, IVE incluído.

3. Tanto as facturas ordinarias como as simplificadas deberán axustarse ao establecido no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

4. A acreditación dos gastos tamén poderá efectuarse mediante facturas electrónicas, sempre que cumpran os requisitos exixidos para a súa aceptación no ámbito tributario.

Artigo 25. Documentos xustificativos do pagamento

1. Segundo exige a Lei 9/2007, do 13 de xuño, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, polo que todos os documentos xustificativos do gasto deberán presentarse acompañados do correspondente documento bancario xustificativo do pagamento. Estes documentos xustificativos deberán ser completos e conter, en todo o caso, data da transferencia, importe, concepto, número de factura, ordenante e persoa provedora.

2. Excepcionalmente, en supostos debidamente xustificados e motivados, e unicamente para gastos de escasa contía, admitirase que o pagamento se faga en efectivo, cun máximo de 500 €, IVE incluído, por cada gasto e co límite do 50 % do gasto total xustificado. Neste caso, a xustificación do pagamento efectuarase mediante unha carta de recepción da persoa

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

provedora, a través dun documento separado do xustificante de gasto, que deberá recoller o seguinte texto:

"....., con NIF....., en nome propio ou en representación da empresa/entidade..... con NIF....., RECIBÍN EN EFECTIVO, con data....., a cantidade de..... euros, en concepto de pagamento da factura número....., con data....., emitida a.....

Asinado en.....o de..... de 2024.

Xunto á sinatura deberá figurar o selo da empresa ou entidade emisora da factura.

Este documento deberá achegarse a todo pagamento realizado en efectivo, polo que non se considerarán válidas as facturas pagadas deste xeito que non vaian acompañadas del.

Porén, no caso de facturas simplificadas e ata o límite total para o proxecto previsto neste artigo, aceptárase dilixencia na mesma factura que deixe constancia do dito pagamento en efectivo.

3. Non se admitirá en ningún caso o fraccionamento de determinados gastos para os efectos de respectar o límite establecido no número anterior para o pagamento en efectivo. En caso de apreciarse este fraccionamento, non se considerarán válidos e, por tanto, serán excluídos da xustificación a totalidade dos gastos incursos nesta práctica.

4. No caso de pagamentos realizados mediante tarxeta de crédito/débito, deberá xuntarse, ademais, a acreditación da súa titularidade. No caso das asociacións, a dita tarxeta deberá estar asociada á conta da entidade. No caso dos grupos informais, a titularidade deberá corresponderlle, en todo caso, a algunha das persoas membros do grupo informal. En ningún outro caso se admitirán pagamentos mediante tarxeta.

Artigo 26. *Pagamento da axuda*

1. Unha vez recibida e comprobada a documentación, poderase realizar o pagamento da

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

axuda concedida. No caso de que o gasto certificado sexa inferior á cantidade concedida, a contía da axuda será minorada na mesma porcentaxe.

2. De acordo co previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, faránselles anticipos de pagamento do oitenta por cento do importe total da subvención concedida, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, a aquelas entidades e grupos informais que, unha vez publicada a resolución de concesión da axuda, o soliciten expresamente, da forma e no prazo establecidos no artigo 19.3.

Artigo 27. Obrigas das persoas beneficiarias

1. As persoas beneficiarias das axudas deberán:

a) Realizar o proxecto que fundamenta a concesión da axuda por si mesmas.

b) Acreditar ante a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado a realización da actividade ou actividades que conforman o proxecto de iniciativa xuvenil, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinan a concesión ou o aproveitamento da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social e Xuventude, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, e achegar tanta información se lles requira no exercicio das actuacións anteriores.

d) Para o caso das asociacións xuvenís, entidades prestadoras de servizos á mocidade e as súas respectivas federacións, dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados, nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á persoa beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

exercicio das facultades de comprobación e control.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

f) Difundir as actividades pola internet, a través de páxinas web e/ou redes sociais, publicamente e con antelación á súa realización, co obxecto de que poidan ser coñecidas por todas as persoas potencialmente beneficiarias destas e de facilitar as actuacións de comprobación e control por parte da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social e Xuventude. As actuacións de difusión a través das redes sociais deberán mencionar as canles oficiais da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

g) Adoptar as medidas contidas no número 3 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de xeito que se inclúa, en todo o material de divulgación das actividades obxecto desta axuda, a referencia de que están subvencionadas pola Consellería de Política Social e Xuventude a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, mediante a inclusión da imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

h) Comunicarlle á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, con 15 días de antelación, o inicio da realización das actividades para as que se concedeu a axuda. Esta comunicación realizarase preferentemente a través do enderezo electrónico instituto.xuventude@xunta.gal

i) Levar a cabo unha xornada para a difusión do proxecto realizado ao abeiro desta convocatoria, nalgún dos centros xuvenís dependentes da Consellería de Política Social e Xuventude, en especial nalgún dos espazos xoves que conforman a rede autonómica, no caso de que así o solicite a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

j) Figurar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias –estatais e autonómicas– e da Seguridade Social, non ser persoa debedora, de acordo con resolución declarativa de procedencia de reintegro, e non ter ningunha débeda pendente, por calquera concepto, coa

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

Administración da comunidade autónoma. En caso contrario, non se fará o pagamento da axuda.

k) No caso dos grupos informais de persoas mozas, respectar o prazo mínimo para a disolución de agrupacións de persoas beneficiarias a que fai referencia o artigo 8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consonte os artigos 35 e 63 da mesma norma.

l) Cumprir coas restantes obrigas reguladas nesta orde e demais normativa vixente en materia de subvencións.

2. A participación nesta convocatoria supón a autorización das persoas beneficiarias, a favor da Consellería de Política Social e Xuventude, para a difusión dos proxectos presentados, así como para a exhibición, reprodución ou publicación, por calquera medio que se considere oportuno, das imaxes e contidos que consten nos proxectos ou memorias presentadas, sen máis limitacións que as derivadas do Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia.

Artigo 28. Control e reintegro da axuda

1. Procederá o reintegro nos termos e supostos previstos nos artigos 28.10 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e, en concreto, nos seguintes casos:

a) Incumprimento da obriga de xustificación, xustificación insuficiente, incorrecta ou fóra de prazo, tendo en conta neste caso os prazos adicionais outorgados pola lei.

b) Obtención da axuda sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impedisén.

c) Incumprimento das obrigas impostas ou dos compromisos asumidos con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que deben acadarse os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

d) Incumprimento das obrigas impostas ou dos compromisos asumidos con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e a regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

e) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no artigo anterior.

f) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e a regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

g) Nos demais supostos previstos nesta orde e demais normativa vixente en materia de subvencións.

2. Con independencia das causas de reintegro enumeradas neste artigo, a declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulabilidade da resolución de concesión por concorreren as causas previstas nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, comportará a obriga de devolver as cantidades percibidas.

3. As cantidades que se deban reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e resultará de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 a 23 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, nos termos establecidos nesta orde.

Artigo 30. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para que aquela cumpra as obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 31. *Base de datos nacional de subvencións*

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información necesaria.

Disposición adicional primeira. *Delegación de atribucións*

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude na persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das axudas previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamento, en relación co disposto no artigo 73.a) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Disposición adicional segunda. *Réxime de infraccións e sancións*

As entidades ou persoas beneficiarias destas axudas quedan suxeitas ao réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V,

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE
Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E
VOLUNTARIADO

capítulo II, da Lei 6/2012, do 19 de xuño.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento da orde*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado para que dite cantos actos sexan precisos para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2024

Fabiola García Martínez

Conselleira de Política Social



PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS ENMARCADAS NO PROGRAMA INICIATIVA XOVE	BS306B	SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE/GRUPO SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL / DENOMINACIÓN DO GRUPO INFORMAL					NIF (solicitante tipo A)	
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA	
PARROQUIA		LUGAR				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO	Nº DE INSCRICIÓN CENSO (solic. tipo A)			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO

TIPO DE SOLICITANTE	ORZAMENTO DO PROXECTO (máximo 5.000 €):
☐ TIPO A (entidade xurídica)	
☐ TIPO B (grupo informal)	

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
 - ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que se compromete a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña de institucións públicas ou privadas destinadas á mesma actuación, a partir da data desta declaración.
3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Que non pertence a outro grupo informal ou asociación solicitante destas axudas.



DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

Documentación común.

- ☐ Proxecto de iniciativas xuvenís, redactado seguindo estritamente o modelo publicado como anexo III.

Documentación específica para asociacións xuvenís, entidades prestadoras de servizos á mocidade e as súas respectivas federacións.

- ☐ Certificación do secretario ou da secretaria da entidade que inclúa a composición completa do órgano de dirección desta no momento da presentación da solicitude. Dita certificación deberá incluír, para cada membro, nome completo, NIF e cargo ou función que desempeña dentro do citado órgano de dirección.

Documentación específica para grupos informais de mozos/as.

- ☐ Anexo II. Declaración/comprobación de datos. Un anexo por cada persoa membro excepto a persoa representante, debidamente cuberto.
- ☐ Anexo IV. Poder de representación a favor dunha persoa membro do grupo informal, asinado por todas as persoas que o compoñen.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	☐
Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social	☐
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma	☐
Certificado de residencia con data de última variación padroal (grupo informal)	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	☐ Si ☐ Non
NIF da entidade solicitante	☐ Si ☐ Non
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria	☐ Si ☐ Non



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Xuventude.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Legitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos)
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do xxxx de 2024 pola que se establecen as bases que rexen as axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2024 (código de procedemento BS306B).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------

PROXECTO DE INICIATIVAS XUVENÍS

BS306B - PROGRAMA INICIATIVA XOVE (o proxecto deberá redactarse seguindo os puntos deste formulario e só se cubrirán nel os datos referentes á entidade ou grupo informal, denominación do proxecto, persoa de contacto e orzamento)

NOME DA ASOCIACIÓN, ENTIDADE OU FEDERACIÓN/DENOMINACIÓN DO GRUPO INFORMAL	NIF
DENOMINACIÓN DO PROXECTO	

Descrición do proxecto. Sintetizarase, en poucos parágrafos, o que se pretende facer, destacando os puntos fortes, os aspectos máis salientables e/ou innovadores do proxecto.

Obxectivos e prioridades. Explicaranse os obxectivos xerais e os específicos que se pretenden conseguir.

Ámbito territorial. Indicarase o lugar ou lugares onde se vai realizar o proxecto e especificarase a área xeográfica de influencia.

Persoas destinatarias das actividades do proxecto. Explicarase polo miúdo a quen vai dirixido e indicaranse o número aproximado de persoas destinatarias e o seu tramo de idade.

Persoas encargadas de desenvolver o proxecto. Detallarase o equipo que realizará as actividades e indicaranse as funcións de cada persoa membro do equipo e as tarefas necesarias que desenvolverá para executar as actividades.

Impacto previsto na mocidade participante e na comunidade destinataria do proxecto, así como efecto multiplicador e seguimento.

Actividades que se van desenvolver no proxecto. Deberanse enumerar as actividades concretas, con indicación, para cada actividade, de:

- Descrición do que se vai facer.
- Obxectivo.
- Lugar.
- Persoas destinatarias, indicando o número, idade e características da poboación.
- Recursos humanos e materiais implicados na organización da actividade.
- Tarefas de planificación e execución.
- Datas aproximadas de comezo e fin, tendo en conta que o período subvencionable remata o 15 de outubro de 2024.

Gastos previstos. Explicaranse, o máis detalladamente posible, os gastos incluídos no cadro de orzamento e a súa desagregación por conceptos, vinculando cada concepto coas actividades programadas e tendo en conta que gastos son subvencionables segundo o artigo 7 desta orde.

Avaliación dos resultados, onde se deberá describir detalladamente o sistema de avaliación que se vai empregar para medir os resultados ou os logros (cualitativos e cuantitativos) na execución do proxecto.

Difusión. Explicarase como se lle vai dar visibilidade ao proxecto e como se vai difundir. Deberase ter en conta o cumprimento das obrigas establecidas nas letras f), g) e i) do artigo 27 desta orde.

Descrición do emprego da lingua galega no desenvolvemento das actividades do proxecto, nos materiais escritos e audiovisuais que se elaboren e nas canles de difusión utilizadas para dalo a coñecer.

PERSOA DE CONTACTO PARA REALIZAR CONSULTAS SOBRE O PROXECTO (deberá ser unha persoa membro da entidade ou grupo informal solicitante)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	
FUNCIÓNS QUE DESENVOLVE			
CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	TELÉFONO 3



ORZAMENTO DE GASTOS

Desagregaranse en cada liña os gastos previstos.

CONCEPTO		IMPORTE
Adquisición de bens das letras a) e b) do artigo 7.7		
Adquisición de bens da letra c) do artigo 7.7 (máximo 600 euros)		
Alugamento de espazos e equipamento (máximo 40 %)		
Desprazamento das persoas destinatarias do proxecto		
Desprazamento dos membros da entidade/grupo informal e do persoal colaborador e laboral (máximo 10 %)		
Manutención (máximo 10 %)		
Aloxamento		
Persoal laboral (só no caso de entidades)		
Publicidade, materiais de difusión e publicacións		
Premios e obsequios (máximo 10 %)		
Seguros		
Gastos ordinarios de funcionamento (máximo 5 %)		
Contratación de tarefas concretas que non podan ser levadas a cabo directamente pola entidade ou grupo informal. As tarefas que se contraten han de estar identificadas no proxecto, con clara indicación dos motivos específicos polos que a entidade ou grupo non pode realizalas.		
Tareas:		
Outros gastos		
Total orzamento do proxecto		

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

DECLARACIÓN/COMPROBACIÓN DE DATOS

BS306B - PROGRAMA INICIATIVA XOVE

(un anexo por cada persoa membro do grupo, excepto a persoa representante que declara no anexo I)

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
DENOMINACIÓN DO GRUPO INFORMAL DE MOZOS/AS			

A PERSOA SOLICITANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que se compromete a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña de institucións públicas ou privadas destinadas á mesma actuación, a partir da data desta declaración.
3. Que todos os datos contidos nesta declaración son certos.
4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Que non pertence a outro grupo ou asociación solicitante destas axudas.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa declarante	☐
Certificado de residencia con data de última variación do padrón	☐
Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social	☐
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas á Administración pública da Comunidade Autónoma	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
Certificado de estar ao día nas obrigas coa AEAT	☐ SI ☐ NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Xuventude.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXPd, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

Lugar e data

 , de de

PODER DE REPRESENTACIÓN PARA OS GRUPOS INFORMAIS DE MOZOS/AS

As persoas abaixo asinantes, como integrantes do grupo informal

autorizan a

con NIF nº

para actuar en representación do citado grupo informal no proxecto:

que presentan ante a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

NOME E APELIDOS

NIF

(Sinatura)

NOME E APELIDOS

NIF

(Sinatura)

NOME E APELIDOS

NIF

(Sinatura)

NOME E APELIDOS

NIF

(Sinatura)

NOME E APELIDOS

NIF

(Sinatura)

NOME E APELIDOS

NIF

(Sinatura)

NOME E APELIDOS

NIF

(Sinatura)

NOME E APELIDOS

NIF

(Sinatura)

Lugar e data

, de de

SOLICITUDE DE ANTICIPO/RENUNCIA
BS306B - AXUDAS ENMARCADAS NO PROGRAMA INICIATIVA XOVE

As persoas abaixo asinantes, tendo en conta o previsto no artigo 19.3 da orde de convocatoria:

- ☐ SOLICITAN o anticipo do 80 % da axuda concedida. Para iso achegan:
 - O anexo X -declaración responsable de titularidade da conta bancaria.
 - Os certificados de estar ao día no pagamento á Seguridade Social e no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma, só no caso de que se opuxesen expresamente á súa consulta automática no trámite de solicitude.
 - O certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á AEAT, só no caso de que non desen o consentimento expreso para realizar a consulta no trámite de solicitude.
- ☐ RENUNCIAN á axuda concedida ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases que rexen as axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2024 (código de procedemento BS306B), por non poder levar a cabo o proxecto subvencionado.

NOME DA ENTIDADE OU GRUPO INFORMAL

NÚM. DE EXPEDIENTE

PRESIDENTE/A DA ENTIDADE

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

PERSOAS QUE COMPOÑEN O GRUPO INFORMAL

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

Lugar e data

, de de

MEMORIA DE ACTIVIDADES**BS306B - AXUDAS ENMARCADAS NO PROGRAMA INICIATIVA XOVE**

(deberase redactar seguindo os puntos deste formulario e só se cubrirán nel os datos referentes á entidade ou grupo informal, denominación do proxecto e persoa de contacto. É obrigatorio xuntar á memoria un vídeo de duración non superior a dous minutos, ilustrativo das actividades levadas a cabo en execución do proxecto subvencionado, e unha reportaxe fotográfica que reflecta o desenvolvemento das actividades)

NOME DA ASOCIACIÓN, ENTIDADE OU FEDERACIÓN/DENOMINACIÓN DO GRUPO INFORMAL	NIF
DENOMINACIÓN DO PROXECTO	NÚM. EXPEDIENTE

Descrición do proxecto, con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.

Obxectivos e prioridades. Explicarase cal ou cales foron os obxectivos xerais e específicos acadados.

Persoas destinatarias. Explicarase a quen se dirixiu o proxecto, o número aproximado, o tramo de idade e o ámbito xeográfico.

Persoas encargadas de desenvolver o proxecto. Detallarse o equipo que realizou as actividades e indicaranse as funcións de cada persoa membro do equipo e as tarefas que desenvolveu para executar as actividades.

Impacto que tivo na mocidade participante e na comunidade destinataria do proxecto, así como efecto multiplicador o seguimento.

Actividades que se desenvolveron no proxecto. Deberanse enumerar as actividades concretas, con indicación, para cada actividade, de:

- Descrición do que se fixo.
- Lugar.
- Persoas destinatarias, indicando o número, idade e características da poboación.
- Recursos humanos e materiais implicados na organización da actividade.
- Tarefas de planificación e execución.
- Datas de comezo e fin.

Avaliación dos resultados, onde se deberá describir detalladamente o sistema de avaliación empregado para medir os resultados ou os logros (cualitativos e cuantitativos) na execución do proxecto.

Visibilidade. Explicarase como se fixo a difusión do proxecto. Deberase xuntar un exemplar de cada un dos materiais de difusión e publicacións financiados a través desta axuda. Ademais, indicarse a URL das páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, se é o caso, achegarse a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social e indicaranse o medio e a data de aparición.

Xustificación do emprego da lingua galega no desenvolvemento das actividades do proxecto, nos materiais escritos e audiovisuais que se elaboraron e nas canles de difusión utilizadas para dalo a coñecer.

Calquera outra información que se considere preciso incluír para obter unha visión global da avaliación do proxecto. Describiranse as dificultades e os apoios que se presentaron na súa execución.

PERSOA DE CONTACTO PARA REALIZAR CONSULTAS SOBRE A XUSTIFICACIÓN (deberá ser unha persoa membro da entidade ou grupo informal beneficiario)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	
FUNCIÓNS QUE DESENVOLVE			
CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	TELÉFONO 3

LISTAXE DE FACTURAS

BS306B - AXUDAS ENMARCADAS NO PROGRAMA INICIATIVA XOVE

DATOS DA ENTIDADE/GRUPO SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL/DENOMINACIÓN DO GRUPO INFORMAL

NIF (solicitante tipo A)

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELLIDO

NIF

[illegible]

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

,

10

de

de

1

DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA

BS306B - AXUDAS ENMARCADAS NO PROGRAMA INICIATIVA XOVE
(no caso dos grupos informais, un anexo por cada membro)

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

EN CALIDADE DE:

☐ Representante da entidade

☐ Persoa membro do grupo informal

NOME DA ENTIDADE OU GRUPO INFORMAL

NÚM. DE EXPEDIENTE

A PERSOA SOLICITANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se concedeu esta subvención.

☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se concedeu esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

Lugar e data

,

de

de

MEMORIA ECONÓMICA

BS306B - AXUDAS ENMARCADAS NO PROGRAMA INICIATIVA XOVE
(deberase redactar seguindo estritamente este modelo)

NOME DA ENTIDADE OU GRUPO INFORMAL	
DENOMINACIÓN DO PROXECTO	
ORZAMENTO DO PROXECTO	NÚMERO DE EXPEDIENTE

VINCULACIÓN DETALLADA E EXPLICACIÓN DA NECESIDADE DO GASTO EXECUTADO POR CADA ACTIVIDADE OU ACTUACIÓN CONCRETA DENTRO DO PROXECTO (non é válida a simple descrición do concepto facturado)

Nº DE FACTURA	PROVEDOR/A	IMPORTE	NOME DA ACTUACIÓN OU ACTIVIDADE	EXPLICACIÓN DA NECESIDADE
SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS				

SINATURA DA PESSOA REPRESENTANTE OU DAS PESSOAS MEMBROS DO GRUPO INFORMAL

Lugar e data _____, _____ de _____ de _____

- No caso das entidades, a memoria, redactada seguindo este modelo, deberá estar asinada pola persoa que ostente o poder de representación da entidade.
- No caso dos grupos informais, a memoria, redactada seguindo este modelo, deberá estar asinada por todas as persoas membros que o compoñen, identificando cada sinatura co seu nome e apelidos.

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE TITULARIDADE DA CONTA BANCARIA
BS306B - AXUDAS ENMARCADAS NO PROGRAMA INICIATIVA XOVE

NÚM.DE EXPEDIENTE

DATOS BANCARIOS (asociacións xuvenís, entidades prestadoras de servizos á xuventude e as súas respectivas federacións)

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE LEGAL

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

A persoa que asina como representante legal da entidade declara, baixo a súa responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

	IBAN										
----------------------	------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------

DATOS BANCARIOS (grupos informais de mozos/mozas)

DATOS DAS PERSOAS MEMBROS DO GRUPO INFORMAL TITULARES DA CONTA

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

As persoas que asinan como membros do grupo informal titulares da conta declaran, baixo a súa responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN							
------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE OU DAS PERSOAS MEMBROS DO GRUPO INFORMAL

Lugar e data

	,		de		de	
----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------